

Informe

Emprego no sector turístico galego

Informe anual 2020



Lista de contidos

Introdución	2
Conxuntura económica	3
Enquisa de poboación activa	4
Ocupados no sector turístico	9
Ocupados: Rama	9
Ocupados: Sexo	10
Ocupados: Idade	11
Ocupados: Estudos	12
Situación profesional	13
Situación: Rama	14
Situación: Sexo	15
Situación: Idade	17
Situación: Estudos	17
Taxa de asalarización	18
Modalidade contractual	19
Modalidade: Rama	19
Modalidade: Sexo	20
Modalidade: Idade	21
Modalidade: Estudos	22
Taxa de temporalidade	23
Ocupados segundo provincia	24
Provincias: Rama	24
Provincias: Sexo	25
Provincias: Idade	25
Seguridade Social	26
Evolución temporal	26
Réximes de afiliación	29
Análise provincial	30
Metodoloxía	32
Metodoloxía	32
Glosario de termos	33

Introdución

O presente informe, realizado pola Área de Estudos e Investigación (Axencia Turismo de Galicia), aborda unha análise dos datos proporcionados por diferentes fontes oficiais relativos ás actividades económicas características do turismo.

O obxectivo de dita análise é cuantificar e coñecer as principais características dos traballadores clasificados segundo a súa relación coas ramas características do turismo (situación profesional, modalidade contractual, provincia, . . .). Polo tanto, analízase o emprego turístico dende un enfoque de oferta, manexando os datos que están dispoñibles sobre o persoal empregado por conta propia e allea nestas actividades seleccionadas, medindo só os efectos máis directos que o turismo ten no emprego.

	Actividades características do turismo		Outras actividades		
	Producción principal: Produtos característicos	Producción secundaria: Outros produtos	Producción principal: Produtos característicos	Producción secundaria: Outros produtos	
Produtos ofrecidos a: VISITANTES					Enfoque da análise de demanda turística
Produtos ofrecidos a: NON VISITANTES					
	Enfoque da análise de oferta turística				

Fig. 1: Análise turística segundo enfoque de demanda ou oferta

Queda fora da presente análise o impacto que a actividade turística ten a través de efectos indirectos (as variacións no emprego que experimentan outras actividades coas que a industria turística ten relación comercial ante as súas flutuacións de demanda) e inducidos (os efectos que á súa vez as industrias indirectamente afectadas provocan en outras coas súas variacións de demanda). É dicir, a análise do emprego turístico a través dos datos recollidos para as ramas de actividade consideradas características do turismo implica, sempre unha infraestimación do impacto que o turismo ten para o conxunto da economía en termos de emprego. Mais, este enfoque tamén implica certa sobreestimación, tendo en conta que as actividades consideradas características do turismo (a partir de agora denomínase ao conxunto destas ramas sector turístico) teñen tamén unha parte de actividade non turística.

Asumindo os posibles problemas de infraestimación ou sobreestimación, é necesario delimitar o que se entende por sector turístico, tendo en conta que é unha actividade transversal. Neste informe séguense as recomendacións internacionais en canto ás actividades que se consideran integrantes do turismo, e analízanse os datos en base á Clasificación Nacional de Actividades Económicas do 2009 (CNAE09). Esta clasificación de ramas características do turismo, segue o mesmo criterio que o empregado por TURESPAÑA recollido dentro das fichas técnicas da explotación dos ficheiros de Afiliación á Seguridade Social e da Enquisa de Poboación Activa:

Ficha técnica de explotación específica do ficheiro de afiliación dos traballadores á Seguridade Social:

<https://www.tourspain.es/es-es/ConocimientoTuristico/AfiliacionSS/Ficha%20Tecnica%20Afiliacion.pdf>

Ficha técnica de explotación específica da Enquisa de Poboación Activa (EPA):

[https://www.tourspain.es/es-es/ConocimientoTuristico/PoblacionActiva/Ficha%20Tecnica%20Empleo%20\(EPA\).pdf](https://www.tourspain.es/es-es/ConocimientoTuristico/PoblacionActiva/Ficha%20Tecnica%20Empleo%20(EPA).pdf)

A principal fonte utilizada para os datos de emprego é a Enquisa de Poboación Activa (EPA), realizada polo Instituto Nacional de Estatística (INE) e o Instituto Galego de Estatística (IGE), mais manéxase tamén información extraída dos datos de Afiliación á Seguridade Social proporcionados polo Ministerio de Traballo e Inmigración. A información destas dúas fontes preséntase en epígrafes separados, posto que seguen metodoloxías diferentes que as fai non comparables, pero complementarias á hora de analizar o emprego nas ramas características do turismo. O informe comeza contextualizando brevemente a conxuntura económica do período estudado. Posteriormente, e segundo a información da EPA, analízanse os datos básicos do emprego no sector turístico: actividade, ocupación e paro. Inclúese unha desagregación dos ocupados en función de aspectos como a situación profesional (asalariados e autónomos), tipo de contrato (temporal ou indefinido) ou provincia. Segundo os datos de afiliación á Seguridade Social, preséntase a evolución do emprego turístico nas ramas de servizos de aloxamento, restauración e axencias de viaxes, tanto en termos de variacións anuais como ó longo da última década, así como unha análise tendo en conta o conxunto do sector turístico. Para finalizar, inclúese un apartado adicado á metodoloxía e ás diferentes definicións empregadas para elaborar este informe.

Conxuntura económica

Á hora de analizar a evolución do emprego no sector turístico de Galicia durante o ano 2020, é necesario facer unha breve introdución sobre a situación económica que se ven desenvolvendo dentro da economía galega.




Fig. 2: Evolución do PIB da economía galega (datos corrixidos de estacionalidade e calendario)




Fig. 3: Evolución do índice da cifra de negocios para a hostalaría en Galicia (datos corrixidos de estacionalidade e calendario)

O ano 2020 ven caracterizado pola pandemia da COVID-19 que leva a un aparelado un período prolongado de restricións de movemento, chegando a un confinamento completo baixo o paraugas dun estado de alarma, que se prolongou entre os días 15 de marzo ata o 21 de xuño. Esta situación extraordinaria leva aparelada unha evolución das diferentes variables económicas atípica.

A evolución do PIB en Galicia sofre unha forte caída no primeiro trimestre do ano 2020, sendo moito maior maior no segundo trimestre debido ao estado de alarma. Esta situación provoucou o peche de moita actividade económica sendo fundamentalmente afectada a hostalería, pero tamén outros sectores da economía. Ao longo de todo o ano 2020 a actividade económica sufriu un forte retroceso, maior que en ningún período anterior da serie analizada, cunhas taxas de caída do PIB superiores ao 15%.

Observando o índice da cifra de negocios, índice que comprende os importes facturados pola empresa con motivo da prestación de servizos e venda de bens a partir do cal o INE elabora os indicadores da actividade do sector servizos (IASS), as variacións anuais son negativas, de case o 100% nos meses correspondentes ao estado de alarma, e mantendo unhas taxas negativas ao fondo de todo o ano 2020.

Todo isto reflicte un ano de contracción moi forte en toda a economía pero afectando sobre todo aos sectores relacionados co turismo, dado que durante o estado de alarma e despois do remate do mesmo, foron actividades fortemente controladas e restixidas.

Enquisa de poboación activa

Durante o ano 2020 o número de activos no sector turístico galego ascendeu a 131.786 (cunha diferenza de -9.571 persoas con respecto ao ano anterior) o que representa unha variación anual do -6,8%. O peso dos activos no sector turístico representa o 10,8% do total de activos de Galicia, cunha diferenza de -0,6 puntos porcentuais respecto ao ano anterior, e un 16,3% dos activos do sector servizos, cunha diferenza de -0,7 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.

Tab. 1: Relación coa actividade. Ano 2020

	Activos	Ocupados	Parados	Activos (Var. anual)	Ocupados (Var. anual)	Parados (Var. anual)	Taxa de paro
Agricultura, gandeiría e pesca	73.401	69.068	4.333	2,1	3,5	-16,3	5,9
Industria	194.836	182.357	12.479	1,9	1,7	5,6	6,4
Construcción	80.366	75.070	5.295	8,2	7,1	26,8	6,6
Servizos	807.809	747.723	60.086	-3,0	-4,0	12,1	7,4
Parados que buscan 1º emprego ou parados que levan máis dun ano sen traballar	64.504	0	64.504	-9,3	0,0	-9,3	100,0
Galicia	1.220.916	1.074.218	146.698	-1,6	-1,9	0,6	12,0
Turismo	131.786	110.941	20.845	-6,8	-10,4	18,5	15,8

Tab. 2: Situación profesional segunda relación coa actividade. Ano 2020

	Turismo	Servizos	Galicia	Turismo (Var. anual)	Servizos (Var. anual)	Galicia (Var. anual)	Turismo s/ Servizos	Turismo s/ Galicia
Activos	131.786	807.809	1.220.916	-6,8	-3,0	-1,6	16,3	10,8
Ocupados	110.941	747.723	1.074.218	-10,4	-4,0	-1,9	14,8	10,3
Asalariados	84.439	623.596	868.589	-9,6	-2,9	-1,1	13,5	9,7
Indefinidos	59.020	473.180	659.854	7,4	0,4	2,2	12,5	8,9
Temporais	25.419	150.416	208.735	-33,9	-11,9	-10,2	16,9	12,2
Autónomos	26.502	124.127	205.629	-12,7	-9,2	-5,2	21,4	12,9
Parados	20.845	60.086	146.698	18,5	12,1	0,6	34,7	14,2

O número de persoas ocupadas no sector turístico galego é de 110.941 persoas (diferenza de -12.831 persoas respecto ao ano 2019) o que representa unha variación anual do -10,4%. O peso dos ocupados no sector representa o 10,3% do total de ocupados de Galicia, cunha diferenza de -1 puntos porcentuais respecto ao ano anterior, e un 14,8% dos ocupados do sector servizos, cunha diferenza de -1,1 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.

Tab. 3: Taxas (porcentaxes). Ano 2020

	Turismo	Servizos	Galicia
Taxa de paro	15,8	7,4	12,0
Taxa de asalarización	76,1	83,4	80,9
Taxa de temporalidade	30,1	24,1	24,0




Fig. 4: Evolución dos ocupados nas ramas características do turismo en Galicia (datos corrixidos de estacionalidade e calendario)

O volume de ocupados segundo a comunidade autónoma recolle que Galicia ten o 10,3% do total de ocupados da súa economía ocupados no sector turístico, cifra que se sitúa por detrás de comunidades como Canarias (25,1%), Balears, Illes (21,8%), Cataluña (12,5%), Andalucía (12,2%), Madrid, Comunidade de (12,2%) e Comunitat Valenciana (12,1%). Si se ten en conta o peso dos ocupados no turismo respecto ao total de ocupados no sector servizos o seu peso é dun 14,8%, sendo a do resto de CCAA: Canarias (29,1%), Balears, Illes (26,8%), Cataluña (16,6%), Comunitat Valenciana (16,5%) e Andalucía (16,3%). Do total de ocupados no sector turístico respecto ao total para o conxunto de España, o peso das comunidades é Cataluña (17,8%), Madrid, Comunidade de (15,9%), Andalucía (15,8%), Comunitat Valenciana (10,5%), Canarias (9,1%), Balears, Illes (4,9%) e Galicia (4,8%).

Tab. 4: Ocupados estranxeiros en Galicia. Ano 2020

	% s/ ocupados	Var. anual (%)
Galicia	4,7	4,9
Servizos	4,5	-4,6
Turismo	10,4	4,2




Fig. 5: Ocupados no turismo sobre o total de ocupados por CCAA

Durante o 2020 o número de parados no sector turístico galego ascendeu a 20.845 persoas (unha diferenza de 3.260 persoas respecto ao ano anterior) o que representa unha variación anual do 18,5%. O peso dos parados no sector representa o 14,2% do total de parados de Galicia, cunha diferenza respecto do ano anterior de 2,1 puntos, e un 34,7% dos parados do sector servizos, cunha diferenza de 1,9 puntos porcentuais con respecto ao ano anterior. Isto sitúa a taxa de paro no ano 2020 para o sector turístico nun 15,8%, cunha diferenza de 3,4 puntos porcentuais respecto á taxa de paro do ano anterior. A taxa de paro para o conxunto da economía galega foi dun 12%, é a do conxunto do sector servizos de Galicia, foi dun 7,4%.

Ao longo do ano 2020, había en Galicia máis de 11 mil persoas ocupadas no sector turístico galego de orixe estranxeira. Este colectivo é relativamente importante neste sector, onde representa o 10,4% do total de ocupados no 2020, cunha variación anual con respecto ao ano 2019 do 4,2%. Pola contra, o número de ocupados estranxeiros ten unha representación menor no sector servizos no seu conxunto, no cal o colectivo estranxeiro representa o 4,5% do total de ocupados, cunha variación anual do -4,6%, e dun 4,7% do total de ocupados para Galicia no seu conxunto, cunha variación anual do 4,9%.




Fig. 6: Evolución da poboación activa e a taxa de paro




Fig. 7: Volume de ocupados no total da economía e no turismo

Motivado pola pandemia producida pola COVID-19, e que ven afectando dende comezos de 2020, as cifras de

ocupación nas ramas turísticas presentan unha tendencia negativa ao longo de todo o 2020, presentando unha leve recuperación no terceiro trimestre de 2020. Neste tempo o estado de alarma rematara e levantáranse algunhas das restriccións de mobilidade así como a actividade en determinados servizos. Isto leva a que se presenten unhas taxas de variación anual negativas de máis do 10%, incrementándose á súa vez o número de parados por sectores de actividade, o cal leva a un incremento da taxa de paro nas ramas turísticas.

Esta situación é compartida polo conxunto da economía española así como o resto de comunidades. O peso do turismo en Galicia sobre o conxunto da economía galega perdeu un punto porcentual pasando dun 11,3% a un 10,3%. Neste senso, o conxunto da economía Española presenta unhas taxas de variación similares, perdendo máis de un punto porcentual o peso do turismo sobre o conxunto da economía española pasando dun 13,5% no 2019 a un 12,2% no 2020. Iso leva aparallado un lixeiro incremento da importancia, tanto do turismo galego como da economía de Galicia no seu conxunto, sobre o turismo de España así como no total da súa economía. Hai que ter en conta que o peso do turismo ten dentro de cada economía nas diferentes comunidades difire, así como o peso de cada unha dentro do total da economía española. Galicia ten un peso do turismo dentro da súa economía dun 10,3%, presentando un 4,8%.

Ocupados no sector turístico

O conxunto de ocupados na economía galega nas ramas características do turismo recolle un total de 110.941 persoas, unha diferenza respecto do ano anterior dun -10,4%. A principal rama de actividade que recolle a maior parte dos ocupados en turismo é a rama de Servizos de comidas e bebidas, cun 54,6%, cunha variación porcentual do -10,2% respecto do ano 2019. Segundo o sexo, o 52,4% dos ocupados son homes, fronte a un 47,6% de mulleres. Por grupos de idade, o máis importante é o comprendido entre os máis de 45 anos co 42,2% de ocupados, cunha variación anual do -1,2 respecto ao 2019, seguido do grupo de entre 30 e 45 anos cun 40,1% dos ocupados. Tendo en conta o nivel de estudos, o 62,5% dos ocupados nas ramas características do turismo teñen estudos secundarios cunha variación anual do -9,2%.

Ocupados: Rama

En canto ó reparto dos ocupados por ramas de actividade, os servizos de aloxamento recollen o 9,5% dos empregados galegos nas ramas características do turismo (10.594 persoas) cunha variación anual do -26,4%, os servizos de comidas e bebidas recollen o 54,6% (60.589 persoas) cunha variación anual do -10,2%, o transporte de viaxeiros co 18,7% da ocupación (20.781 persoas) e cunha variación anual do 7,4% e outras actividades turísticas co 17,1% (18.977 persoas) e cunha variación anual do -15,9%.




Fig. 8: Ocupados segundo rama turística e ano

Ocupados: Sexo

Analizando o volume de ocupados segundo a rama de actividade e o seu sexo, a maior parte dos ocupados atópanse na rama de servizo de comidas e bebidas independentemente do seu sexo:




Fig. 9: Ocupados segundo sexo e rama de actividade

- **Transporte de viaxeiros** Dentro do transporte de viaxeiros o 77,8% dos ocupados son homes, que representan o 14,6% do total de ocupados no sector turístico, mentres que as mulleres son o 22,2% restante, que representan o 4,2% do total de ocupados no sector turístico. Esta rama recolle o 27,8% do total de homes ocupados no sector turístico, e o 8,7% para o caso das mulleres.
- **Servizos de aloxamento** Nesta rama o 37% dos ocupados son homes, que representan o 3,5% do total de ocupados no sector turístico, e o restante 63% mulleres, que representan o 6% do total de ocupados no sector turístico. Esta rama recolle o 6,7% do total de homes ocupados no sector turístico, e o 12,6% para o caso das mulleres.
- **Servizos de comidas e bebidas** Nesta rama o 44,1% dos ocupados son homes, que representan o 24,1% do total de ocupados no sector turístico, e o restante 55,9% mulleres, que representan o 30,5% do total de ocupados no sector turístico, sendo esta a rama máis feminizada dentro do sector turístico. Esta rama recolle o 46% do total de homes ocupados no sector turístico, e o 64,1% para o caso das mulleres.
- **Outras actividades turísticas** Nesta rama o 59,4% dos ocupados son homes, que representan o 10,2% do total de ocupados no sector turístico, e o restante 40,6% mulleres, que representan o 7% do total de ocupados no sector turístico. Esta rama recolle o 19,4% do total de homes ocupados no sector turístico, e o 14,6% para o caso das mulleres.

Tendo en conta a sección da hostalería segundo a CNAE, que recolle as ramas servizos de aloxamento e servizo de comidas e bebidas, representa o 64,2% do total de ocupados no sector do turismo en Galicia, o grupo máis numeroso é o das mulleres. Das 71.182 persoas ocupadas na hostalería en Galicia, o 56,9% son mulleres e o 43,1% homes, o que indica un sector feminizado, e tendo en conta o conxunto de todas as ramas características de turismo, a porcentaxe de mulleres ocupadas atópase nun 52,4%, sendo o sector máis feminizado o de servizos de aloxamento cun 63%. Pola contra para o conxunto da comunidade galega a taxa de feminización é dun 47% e concretamente para o conxunto do sector servizos (ramas características do turismo incluídas) é dun 56,7%.

Ocupados: Idade

Analizando os datos segundo o sexo e grupos de idade dos ocupados, sendo os grupos de idade entre os 16 e os 29 anos, entre os 30 e os 45 anos e os maiores de 45 ano, obtéñense os seguintes resultados. O grupo de

idade de entre 16 e 29 anos recolle o 17,7% do total e ocupados. Neste grupo, o 52,5% dos ocupados son homes, que representa o 9,3% do total de ocupados no sector turístico, mentres que o 47,5% restante son mulleres, que representan o 8,4% do total. Os homes deste grupo de idade representan o 17,8% do total de homes ocupados no sector turístico, sendo esta porcentaxe do 17,6% para o caso das mulleres. O grupo de idade de entre 30 e 45 anos recolle o 40,1% do total e ocupados. Neste grupo, o 53,7% dos ocupados son homes, que representa o 21,5% do total de ocupados no sector turístico, mentres que o 46,3% restante son mulleres, que representan o 18,5% do total. Os homes deste grupo de idade representan o 41,1% do total de homes ocupados no sector turístico, sendo esta porcentaxe do 38,9% para o caso das mulleres. O grupo de idade de máis de 45 anos recolle o 42,2% do total e ocupados. Neste grupo, o 51% dos ocupados son homes, que representa o 21,5% do total de ocupados no sector turístico, mentres que o 49% restante son mulleres, que representan o 20,7% do total. Os homes deste grupo de idade representan o 41,1% do total de homes ocupados no sector turístico, sendo esta porcentaxe do 43,4% para o caso das mulleres. Destacar que o 56,5% do total de mulleres ocupadas no sector turístico de Galicia son menores de 45 anos, mentres que esta porcentaxe representa o 58,9% no caso dos homes.




Fig. 10: Ocupados segundo sexo e idade

Respecto do ano 2019, o número de ocupados no grupo de idade de entre 16 e 29 anos tivo unha variación anual dun -26,1%, dun -10,7% para o grupo de entre 30 e 45 anos e dun -1,2% para o grupo de máis de 45 anos.

Ocupados: Estudos

Analizando os datos segundo o nivel de estudos o grupo máis relevante son os ocupados con estudos secundarios, que representan o 62,5% do total de ocupados en termos de nivel educativo acadado. Tendo en conta o xénero, no caso dos estudos primarios, o 58,1% do total son mulleres, que representa o 2,1% do total de ocupados no sector turístico, fronte ao 41,9% dos homes, que representa o 1,5% do total de ocupados no sector. Os homes deste nivel de estudos representan ao 2,9% do total de homes ocupados no sector turístico, e un 4,3% no caso das mulleres. No caso dos estudos secundarios, os homes representan ao 52,9% que recolle o 33,1% do total de ocupados no sector turístico. As mulleres recollen o 47,1% do total de ocupados neste nivel de estudos, o que representa o 29,5% do total de ocupados nas ramas turísticas. Os homes con estudos secundarios representan o 63,1% do total de homes ocupados no sector turístico, fronte a un 61,9% por parte das mulleres. Tendo en conta

os ocupados con estudos superiores, o 52,5% son homes, que representan o 17,8% do total de ocupados dos sector turístico, e un 47,5% no caso das mulleres, que representan o 16,1% do total de ocupados no sector turístico. Dos homes ocupados no sector turístico, os que teñen estudos superiores representan o 34%, e un 33,8% para o caso das mulleres.




Fig. 11: Ocupados segundo sexo e estudos

Entre o ano 2019 e o 2020 produciuse unha variación anual de ocupados con estudos primarios dun -18,5%, dun -9,2% dos ocupados con estudos secundarios e dun -11,6% para o caso de ocupados con estudos superiores.

A modo de resumo, os grupos máis numerosos de ocupados no sector turístico son mulleres de máis de 45 anos con estudos secundarios dentro da rama servizo de comidas e bebidas que recolle o 9,7% do total de ocupados no sector, mulleres de entre 30 e 45 anos con estudos secundarios dentro da rama servizo de comidas e bebidas que recolle o 7,6% do total e homes de entre 30 e 45 anos con estudos secundarios dentro da rama servizo de comidas e bebidas que recolle o 7%. O conxunto destes tres grupos representa o 24,3% do conxunto de ocupados no sector turístico de Galicia para o ano 2020.

Situación profesional

A variable ocupados que se recolle dentro da EPA pode ser desagregada segundo a súa situación profesional, podendo separar os ocupados entre asalariados e autónomos. Seguindo este criterio atópase que os asalariados son a situación profesional máis importante, cun 76,1% do total de ocupados fronte a un 23,9% de autónomos.




Fig. 12: Ocupados segundo situación profesional

Situación: Rama

Tendo en conta as ramas de actividade, os asalariados representan a maior parte dos ocupados.




Fig. 13: Ocupados segundo situación profesional e rama de actividade

- **Transporte de viaxeiros** Nesta rama de actividade o 84% dos ocupados son asalariados, que representan o 15,7% do total de ocupados no sector turístico, fronte ao 16% de autónomos, que representan o 3% do total de ocupados. Do conxunto de asalariados no sector turístico, o transporte de viaxeiros recolle o 20,7% do total, e no caso dos autónomos recolle o 12,5%.
- **Servizos de aloxamento** Nesta rama de actividade o 79,8% dos ocupados son asalariados, que representan o 7,6% do total de ocupados no sector turístico, fronte ao 20,2% de autónomos, que representan o 1,9% do total de ocupados. Do conxunto de asalariados no sector turístico, o transporte de viaxeiros recolle o 10% do total, e no caso dos autónomos recolle o 8,1%.
- **Servizo de comidas e bebidas** Nesta rama de actividade o 71,3% dos ocupados son asalariados, que representan o 38,9% do total de ocupados no sector turístico, fronte ao 28,7% de autónomos, que representan o 15,7% do total de ocupados. Do conxunto de asalariados no sector turístico, o transporte de viaxeiros recolle o 51,2% do total, e no caso dos autónomos recolle o 65,6%.
- **Outras actividades turísticas** Nesta rama de actividade o 80,8% dos ocupados son asalariados, que representan o 13,8% do total de ocupados no sector turístico, fronte ao 19,2% de autónomos, que representan o 3,3% do total de ocupados. Do conxunto de asalariados no sector turístico, o transporte de viaxeiros recolle o 18,2% do total, e no caso dos autónomos recolle o 13,8%.

Situación: Sexo

Analizando os ocupados segundo rama de actividade, situación profesional e o sexo:

- **Asalariados**
- **Transporte de viaxeiros** Dentro desta rama, os asalariados de sexo masculino representan o 74,7% dos mesmos, e recollen o 30,2% dos homes asalariados no sector turístico, fronte a un 25,3% de mulleres, que representan o 10,7% das asalariadas no sector turístico. Esta rama recolle o 20,7% do total de asalariados no sector turístico de Galicia.

- **Servizos de aloxamento** Dentro desta rama, os asalariados de sexo masculino representan o 33,2% dos mesmos, e recollen o 6,5% dos homes asalariados no sector turístico, fronte a un 66,8% de mulleres, que representan o 13,7% das asalariadas no sector turístico. Esta rama recolle o 10% do total de asalariados no sector turístico de Galicia.
- **Servizos de comidas e bebidas** Dentro desta rama, os asalariados de sexo masculino representan o 42,6% dos mesmos, e recollen o 42,6% dos homes asalariados no sector turístico, fronte a un 57,4% de mulleres, que representan o 60% das asalariadas no sector turístico. Esta rama recolle o 51,2% do total de asalariados no sector turístico de Galicia.
- **Outras actividades turísticas** Dentro desta rama, os asalariados de sexo masculino representan o 58,1% dos mesmos, e recollen o 20,6% dos homes asalariados no sector turístico, fronte a un 41,9% de mulleres, que representan o 15,6% das asalariadas no sector turístico. Esta rama recolle o 18,2% do total de asalariados no sector turístico de Galicia.
- **Autónomos** Os servizos de comidas e bebidas recolle o 65,6% do total de ocupados autónomos no sector turístico. Nesta rama de actividade, o 52,2% son mulleres e representan o 78,4% das autónomas, fronte a un 47,8% de homes que representan o 55,8% do total de ocupados autónomos no sector turístico.




Fig. 14: Ocupados segundo situación profesional e sexo

Dentro dos asalariados os grupos máis numerosos son mulleres de máis de 45 anos con estudos secundarios que traballan na rama de servizo de comidas e bebidas e recolle o 8,5% do total, mulleres de entre 30 e 45 anos con estudos secundarios que traballan na rama de servizo de comidas e bebidas e recolle o 7,5% do total e homes de máis de 45 anos con estudos secundarios que traballan na rama de transporte de viaxeiros e recolle o 6,4% do total. A suma destes grupos recolle o 22,4% do total de asalariados dentro do sector turístico.

No caso dos autónomos, homes de máis de 45 anos con estudos secundarios pertencentes ao servizo de comidas e bebidas e mulleres de máis de 45 anos con estudos secundarios pertencentes ao servizo de comidas e bebidas son os grupos máis importantes que representan o 13,4% e o 13,2% respectivamente do total de autónomos no sector turístico de Galicia.

Analizando os datos de ocupados segundo a súa situación profesional e o sexo, tanto nos homes como nas mulleres o volume de asalariados é superior ao dos autónomos. Respecto aos homes, o 74,3% son asalariados fronte a un 25,7% de autónomos e, no caso das mulleres, o 78,1% son asalariadas fronte a un 21,9% de autónomas. Ademais diso, do conxunto de asalariados, as mulleres presentan un 48,9% de asalariadas fronte a un 51,1% de homes, mentres que no caso dos autónomos o 56,3% son homes fronte a un 43,7% de mulleres.

Situación: Idade

Tendo en conta os grupos de idade, a porcentaxe de asalariados redúcese a medida que a idade se vai incrementando.




Fig. 15: Ocupados segundo situación profesional e idade

- Dentro do grupo de entre 16 e 29 anos, o 90,1% son asalariados. Do conxunto de ocupados en turismo de Galicia, os asalariados deste grupo de idade representa o 16% do total e finalmente, o grupo de idade representa o 21% do total de asalariados.
- No grupo de entre 30 e 45 anos, o 76,7% son asalariados fronte a un 23,3% de autónomos. Do conxunto de ocupados en turismo de Galicia, os asalariados deste grupo de idade representa o 30,7% do total, e os autónomos un 9,3%. Finalmente, o grupo de idade representa o 40,4% do total de asalariados e un 39,1 no caso dos autónomos.
- No grupo de máis de 45 anos, o 69,7% son asalariados fronte a un 30,3% de autónomos. Do conxunto de ocupados en turismo de Galicia, os asalariados deste grupo de idade representa o 29,4% do total, e os autónomos un 12,8%. Finalmente, o grupo de idade representa o 38,6% do total de asalariados e un 53,6 no caso dos autónomos.

Situación: Estudos

Para o caso dos ocupados segundo situación profesional e nivel de estudos acadado:




Fig. 16: Ocupados segundo situación profesional e estudos

- O grupo de ocupados con estudos primarios posúen un 74,5% de asalariados, que representan ao 2,7% de todos os ocupados do sector e o 3,5% dos asalariados dentro do sector. Este grupo recolle o 25,5% de autónomos, que representan o 0,9% de todos os ocupados e o 3,8% dos autónomos dentro do sector turístico.
- O grupo de ocupados con estudos secundarios posúen un 74,9% de asalariados, que representan ao 46,8% de todos os ocupados do sector e o 61,6% dos asalariados dentro do sector. Este grupo recolle o 25,1% de autónomos, que representan o 15,7% de todos os ocupados e o 65,6% dos autónomos dentro do sector turístico.
- O grupo de ocupados con estudos superiores posúen un 78,5% de asalariados, que representan ao 26,6% de todos os ocupados do sector e o 35% dos asalariados dentro do sector. Este grupo recolle o 21,5% de autónomos, que representan o 7,3% de todos os ocupados e o 30,6% dos autónomos dentro do sector turístico.

Taxa de asalarización

Analizando a taxa de asalarización, o número de asalariados sobre o total de ocupados obtéñense os seguintes resultados:

- **Ramas de actividade** A rama que presenta unha maior taxa de asalarización é transporte de viaxeiros cun 84%, seguido de outras actividades turísticas cun 80,8%, servizos de aloxamento cun 79,8% e servizo de comidas e bebidas cun 71,3%.
- **Sexo** Presentan unha maior taxa de asalarización de mulleres cun 78,1% mentres que a de homes é dun 74,3%.
- **Idade** Presenta unha maior taxa de asalarización o grupo de idade de entre 16 e 29 anos cun 90,1%, de entre 30 e 45 anos cun 76,7% e de máis de 45 anos cun 69,7%.

- **Nivel educativo** A maior taxa de asalarización atópase no grupo de estudos superiores cun 78,5%, o grupo de estudos secundarios cun 74,9% e o grupo con estudos primarios cun 74,5%.

A taxa de asalarización do sector turístico no ano 2020 é dun 76,1%, para o conxunto da economía galega a taxa de asalarización é dun 80,9% e para o conxunto do sector servizos de Galicia é dun 83,4%.

Modalidade contractual

Analizando agora o caso dos asalarizados segundo o tipo de contrato que posúen, pódense diferenciar dous grupos: Asalarizados con contrato indefinido e asalarizados con contrato temporal.




Fig. 17: Asalarizados segundo tipo de contrato

Modalidade: Rama

Analizando os asalarizados segundo tipo de contrato e rama de actividade á que pertencen, compróbase que a maior parte dos asalarizados, indefinidos e temporais, atópanse dentro da rama de servizo de comidas e bebidas. En todas as ramas o peso dos contratos indefinidos é superior ao dos temporais, pero é no caso dos servizos de aloxamento e de comidas e bebidas onde o peso da temporalidade é maior.




Fig. 18: Asalariados segundo tipo de contrato e rama de actividade

- **Transporte de viaxeiros** Dentro do transporte de viaxeiros, o 77,7% dos asalariados correspóndense con contratos indefinidos e o restante 22,3% con contratos temporais. Os asalariados indefinidos representan o 16,1% do total de asalariados do turismo e representan o 23% do total de asalariados indefinidos. Os temporais representan o 4,6% do total de asalariados do turismo e o 15,3% do total de asalariados temporais.
- **Servizos de aloxamento** Dentro desta rama, o 75,7% dos asalariados correspóndense con contratos indefinidos e o restante 24,3% con contratos temporais. Os asalariados indefinidos representan o 7,6% do total de asalariados do turismo e representan o 10,8% do total de asalariados indefinidos. Os temporais representan o 2,4% do total de asalariados do turismo e o 8,1% do total de asalariados temporais.
- **Servizos de comidas e bebidas** Dentro desta rama, o 65,5% dos asalariados correspóndense con contratos indefinidos e o restante 34,5% con contratos temporais. Os asalariados indefinidos representan o 33,5% do total de asalariados do turismo e representan o 48% do total de asalariados indefinidos. Os temporais representan o 17,6% do total de asalariados do turismo e o 58,5% do total de asalariados temporais.
- **Outras actividades turísticas** Dentro desta rama, o 70% dos asalariados correspóndense con contratos indefinidos e o restante 30% con contratos temporais. Os asalariados indefinidos representan o 12,7% do total de asalariados do turismo e representan o 18,2% do total de asalariados indefinidos. Os temporais representan o 5,4% do total de asalariados do turismo e o 18,1% do total de asalariados temporais.

Modalidade: Sexo

Tendo en conta os asalariados por tipo de contrato e sexo, un 70,4% dos homes teñen un contrato indefinido, fronte a un 29,6% de contratos temporais. Ditos contratos indefinidos representan o 36% de todos os asalariados, mentres que os temporais representan un 15,1%. Pola súa parte, un 69,3% das mulleres teñen contrato indefinido, o que representa o 33,9% do total de asalariados do turismo en Galicia, fronte a un 30,7% de contratadas temporais, querepresentan o 15% dos asalariados.




Fig. 19: Asalariados segundo tipo de contrato e sexo

Dentro dos contratos indefinidos, o 51,5% corresponde aos homes e un 48,5% a mulleres, mentres que nos temporais o 50,2% son homes e o 49,8% restante mulleres.

Modalidade: Idade

Analizando os asalariados por tipo de contrato e grupos de idade, a temporalidade redúcese a medida que se incrementa o grupo de idade. O grupo de idade entre 16 e 29 anos ten un 40,2% de contratos indefinidos, que representan o 8,4% do total de asalariados, fronte a un 59,8% de contratos temporais, que representa un 12,5% do total de asalariados. Os contratados indefinidos deste grupo de idade representan o 12,1% do total de asalariados con contrato indefinido, e no caso dos temporais o 41,7%.




Fig. 20: Asalariados segundo tipo de contrato e idade

O grupo de idade entre 30 e 45 anos ten un 72,6% de contratos indefinidos, que representan o 29,3% do total de asalariados, fronte a un 27,4% de contratos temporais, que representa un 11,1% do total de asalariados. Os contratados indefinidos deste grupo de idade representan o 41,9% do total de asalariados con contrato indefinido, e no caso dos temporais o 36,8%.

O grupo de idade de máis de 45 anos ten un 83,2% de contratos indefinidos, que representan o 32,2% do total de asalariados, fronte a un 16,8% de contratos temporais, que representa un 6,5% do total de asalariados. Os contratados indefinidos deste grupo de idade representan o 46% do total de asalariados con contrato indefinido, e no caso dos temporais o 21,6%.

Modalidade: Estudos

No caso de analizar o tipo de contrato dos asalariados por nivel de estudos acadado, os asalariados con estudos primarios teñen un 59% contratos indefinidos, que representan ao 2,1% dos asalariados, e un 41% de asalariados temporais, que representan ao 1,4% dos asalariados. Os asalariados con estudos primarios e contrato indefinido, son un 2,9% do total de asalariados indefinidos, e un 4,7% para o caso dos temporais.




Fig. 21: Asalariados segundo tipo de contrato e estudos

Os asalariados con estudos secundarios teñen un 69,7% contratos indefinidos, que representan ao 42,9% dos asalariados, e un 30,3% de asalariados temporais, que representan ao 18,7% dos asalariados. Os asalariados con estudos primarios e contrato indefinido, son un 61,4% do total de asalariados indefinidos, e un 62% para o caso dos temporais.

Os asalariados con estudos superiores teñen un 71,4% contratos indefinidos, que representan ao 24,9% dos asalariados, e un 28,6% de asalariados temporais, que representan ao 10% dos asalariados. Os asalariados con estudos primarios e contrato indefinido, son un 35,7% do total de asalariados indefinidos, e un 33,3% para o caso dos temporais.

Os grupos máis importantes son mulleres de máis de 45 anos con estudos secundarios como indefinidos e pertencentes á rama de servizo de comidas e bebidas, homes de máis de 45 anos con estudos secundarios como indefinidos e pertencentes á rama de transporte de viaxeiros e mulleres de entre 30 e 45 anos con estudos secundarios como indefinidos e pertencentes á rama de servizo de comidas e bebidas. Estes grupos recollen o 17,6% do total do conxunto de asalariados pertencentes ás ramas características do turismo en Galicia.

Taxa de temporalidade

Analizando a taxa de temporalidade, o número de asalariados con contrato temporal sobre o total de asalariados obtéñense os seguintes resultados:

- **Ramas de actividade** A rama que presenta unha maior taxa de temporalidade é servizo de comidas e bebidas cun 34,5%, outras actividades turísticas cun 30%, servizos de aloxamento cun 24,3% e transporte de viaxeiros cun 22,3%.
- **Sexo** Mulleres presentan unha taxa de temporalidade dun 30,7% mentres que homes é dun 29,6%.
- **Idade** A medida que se incrementa a idade, a taxa de temporalidade redúcese: un 59,8% entre 16 e 29 anos, un 27,4% entre 30 e 45 anos e un 16,8% máis de 45 anos.

- **Nivel educativo** A taxa de temporalidade dos asalariados con estudos primarios e dun 41%, de estudos secundarios e dun 30,3% e de estudos superiores e dun 28,6%.

A taxa de temporalidade do sector turístico no ano 2020 é dun 30,1%, para o conxunto da economía galega a taxa de temporalidade é dun 24% e para o conxunto do sector servizos de Galicia é dun 24,1%.

Ocupados segundo provincia

Os datos da EPA permiten ademais levar a cabo unha análise a nivel provincial do nivel de ocupados. A provincia que máis ocupados nas ramas características do turismo recolle en Galicia é a provincia de A Coruña (44,1%) seguida de Pontevedra (32,6%), Lugo (12,1%) e Ourense (11,2%).

Provincias: Rama

- **Transporte de viaxeiros** O 42,4% dos ocupados nesta rama atópanse na provincia de A Coruña, que representan a un 7,9% do total de ocupados dentro do conxunto do turismo para toda Galicia, un 11,5% en Lugo que representan 2,2% do total de ocupados, un 8,7% en Lugo que representan 1,6% do total de ocupados e un 37,4% en Lugo que representan 7% do total de ocupados. Analizando por provincias, esta rama recolle o 18% do total de ocupados para a provincia de A Coruña, o 17,9% para o caso de Lugo, 14,4% para Ourense e 21,5% para Pontevedra.




Fig. 22: Ocupados segundo provincia e rama de actividade

- **Hostalaría** O 42% dos ocupados nesta rama atópanse na provincia de A Coruña, que representan a un 27% do total de ocupados dentro do conxunto do turismo para toda Galicia, un 12,6% en Lugo que representan 8,1% do total de ocupados, un 12,8% en Lugo que representan 8,2% do total de ocupados e un 32,5% en Lugo que representan 20,9% do total de ocupados. Analizando por provincias, esta rama recolle o 61,2% do total de ocupados para a provincia de A Coruña, o 67,1% para o caso de Lugo, 73,1% para Ourense e 64% para Pontevedra.
- **Outras actividades turísticas** O 53,6% dos ocupados nesta rama atópanse na provincia de A Coruña, que

representan a un 9,2% do total de ocupados dentro do conxunto do turismo para toda Galicia, un 10,5% en Lugo que representan 1,8% do total de ocupados, un 8,2% en Lugo que representan 1,4% do total de ocupados e un 27,7% en Lugo que representan 4,7% do total de ocupados. Analizando por provincias, esta rama recolle o 20,8% do total de ocupados para a provincia de A Coruña, o 14,9% para o caso de Lugo, 12,5% para Ourense e 14,5% para Pontevedra.

Provincias: Sexo

Analizando os datos da poboación ocupada no sector turístico segundo provincia e sexo:




Fig. 23: Ocupados segundo provincia e sexo

Segundo o seu sexo, o 44,5% dos homes atópanse na provincia de A Coruña, que representan o 23,3% do total de ocupados do turismo, o 11,8% en Lugo, que representa o 6,2% do total de ocupados, 10,4% en Ourense, que representa o 5,4% do total de ocupados, e o 33,3% en Pontevedra, que representa o 17,5% do total de ocupados.

O 43,6% das mulleres atópanse na provincia de A Coruña, que representan o 20,8% do total de ocupados do turismo, o 12,3% en Lugo, que representa o 5,9% do total de ocupados, 12,2% en Ourense, que representa o 5,8% do total de ocupados, e o 31,9% en Pontevedra, que representa o 15,2% do total de ocupados.

Por provincias, en A Coruña o 52,8% dos ocupados son homes e o 47,2% son mulleres; na provincia de Lugo o 51,4% son homes e o 48,6% mulleres; na provincia de Ourense o 48,2% son homes e o 51,8% mulleres; na provincia de Pontevedra o 53,5% dos ocupados son homes e o 46,5% son mulleres.

Provincias: Idade

Tendo en conta os datos de ocupados por provincia e grupo de idade, compróbase a seguinte estrutura.

Galicia – 2020




Fig. 24: Ocupados segundo provincia e idade

Tendo en conta os ocupados pertencentes ao grupo de idade entre 16 e 29 anos, o 39,6% deles atópanse na provincia de A Coruña, que representan o 7% do total de ocupados nas ramas turísticas de Galicia, o 10,1% na provincia de Lugo, que representa o 1,8% do total de ocupados, o 12,7% na provincia de Ourense, que representaba o 2,2% do total, e o 37,6% na provincia de Pontevedra, que presenta o 6,7% do total de ocupados.

Tendo en conta os ocupados pertencentes ao grupo de idade entre 30 e 45 anos, o 43% deles atópanse na provincia de A Coruña, que representan o 17,3% do total de ocupados nas ramas turísticas de Galicia, o 12% na provincia de Lugo, que representa o 4,8% do total de ocupados, o 10% na provincia de Ourense, que representaba o 4% do total, e o 34,9% na provincia de Pontevedra, que presenta o 14% do total de ocupados.

Tendo en conta os ocupados pertencentes ao grupo de máis de 45 anos, o 46,9% deles atópanse na provincia de A Coruña, que representan o 19,8% do total de ocupados nas ramas turísticas de Galicia, o 12,9% na provincia de Lugo, que representa o 5,5% do total de ocupados, o 11,8% na provincia de Ourense, que representaba o 5% do total, e o 28,3% na provincia de Pontevedra, que presenta o 12% do total de ocupados.

Na provincia de A Coruña, o 15,9% dos ocupados pertencen ao grupo de idade entre 16 e 29 anos, 39,1% ao grupo de idade entre 30 e 45 anos e o 44,9% ao grupo demáis de 45 anos. Na provincia de Lugo, o 14,8% dos ocupados pertencen ao grupo de idade entre 16 e 29 anos, 39,9% ao grupo de idade entre 30 e 45 anos e o 45,3% ao grupo de máis de 45 anos. Na provincia de Ourense, o 20% dos ocupados pertencen ao grupo de idade entre 16 e 29 anos, 35,7% ao grupo de idade entre 30 e 45 anos e o 44,3% ao grupo de máis de 45 anos. Na provincia de Pontevedra, o 20,4% dos ocupados pertencen ao grupo de idade entre 16 e 29 anos, 42,9% ao grupo de idade entre 30 e 45 anos e o 36,7% ao grupo de máis de 45 anos.

Seguridade Social

Evolución temporal

Os datos de emprego do turismo de Galicia, complementáanse coa información provinte da Seguridade Social referente ás afiliacións. Tendo en conta só as ramas de servizos de aloxamento, os servizos de comida e bebida e as

actividades de axencias de viaxe e operadores turísticos, lévanse a cabo dúas análises temporais para contextualizar o resto da información.




Fig. 25: Evolución das afiliacións á seguridade social na hostalaría en Galicia (datos corrixidos de estacionalidade e calendario)

Tab. 5: Afiliacións á Seguridade Social por rama de actividade. Ano 2020

	Afiliacións	Var. anual (%)
Transporte de viaxeiros	16.549	-4,0
Servizos de aloxamento	8.141	-20,8
Servizos de comidas e bebidas	60.577	-11,9
Outras actividades turísticas	13.947	-8,4
Turismo	99.214	-11,0
Servizos	700.862	-2,7
Galicia	972.558	-2,4

Tab. 6: Peso das afiliacións á Seguridade Social segundo rama de actividade. Ano 2020

	Peso das afiliacións (%)
Turismo / Servizos	14,2
Turismo / Galicia	10,2




Fig. 26: Afiliacións á Seguridade Social por rama de actividade (xaneiro 2011=100)

Representando graficamente a evolución do número de afiliacións á Seguridade Social mediante as variacións anuais e as mensuais, dende comezos do ano 2020 a caída no número de afiliacións na Seguridade Social é moi pronunciada deixando o seu volume preto das cifras de facía dez anos.

Comparando a evolución a través dun índice destas tres ramas (servizos de aloxamento, os servizos de comida e bebida e as actividades de axencias de viaxe e operadores turísticos) co resto da economía, destácase que a afiliación nestas ramas é unha variable claramente estacional, tendo os seus picos nos meses do verán. A evolución reflicte nos últimos meses a situación excepcional do ano 2020.

Réximes de afiliación

Para lograr unha mellor comparación cos datos de ocupados da EPA, analízanse os datos de afiliación á Seguridade Social cos datos trimestrais para o conxunto das ramas características do turismo, o sector turístico. Tendo en conta esta información, o 70,5% das afiliacións á Seguridade Social pertencen ao réxime xeral de afiliación, mentres que o 29,5% restante está no réxime de autónomos. Estas porcentaxes difiren analizando os datos segundo rama de actividade.




Fig. 27: Afiliacións á Seguridade Social por réxime e rama

- **Transporte de viaxeiros** Dentro desta rama o 77,9% das afiliacións pertencen ao réxime xeral, que representa o 12,8% do total de afiliacións, e o 22,1% no réxime de autónomos, que representa o 3,6% do total de afiliacións no turismo. O transporte de viaxeiros representa o 18,2% do total de afiliacións no réxime xeral do turismo, e o 12,3% para o caso das afiliacións no réxime de autónomos.
- **Servizos de aloxamento** Dentro desta rama o 80,6% das afiliacións pertencen ao réxime xeral, que representa o 6,5% do total de afiliacións, e o 19,4% no réxime de autónomos, que representa o 1,6% do total de afiliacións no turismo. Os servizos de aloxamento representan o 9,2% do total de afiliacións no réxime xeral do turismo, e o 5,3% para o caso das afiliacións no réxime de autónomos.
- **Servizos de comidas e bebidas** Dentro desta rama o 66,7% das afiliacións pertencen ao réxime xeral, que representa o 40,1% do total de afiliacións, e o 33,3% no réxime de autónomos, que representa o 20% do total de afiliacións no turismo. Os servizos de comidas e bebidas representa o 57% do total de afiliacións no réxime xeral do turismo, e o 67,8% para o caso das afiliacións no réxime de autónomos.
- **Outras actividades turísticas** Dentro desta rama o 72% das afiliacións pertencen ao réxime xeral, que representa o 11% do total de afiliacións, e o 28% no réxime de autónomos, que representa o 4,3% do total de afiliacións no turismo. As outras actividades turísticas representan o 15,6% do total de afiliacións no réxime xeral do turismo, e o 14,5% para o caso das afiliacións no réxime de autónomos.

Análise provincial

Analizando os datos de afiliación segundo provincia e rama de actividade os resultados varían lixeiramente entre unha provincia e outra:




Fig. 28: Afiliacións á Seguridade Social por provincia




Fig. 29: Afiliacións á Seguridade Social por provincia e rama




Fig. 30: Afiliacións á Seguridade Social por provincia e réxime

- **A Coruña** O 44% do total de afiliación de toda Galicia atópanse na provincia de A Coruña, onde o 71,4%

das afiliacións pertencen ao réxime xeral, e o restante 28,6% ao réxime de autónomos. Observando o reparto por ramas de actividade, na provincia de A Coruña o 16,2% das afiliacións son na rama de transportes de viaxeiros, o 7,4% en servizos de aloxamento, o 59,5% servizos de comidas e bebidas e o 16,9% en outras actividades turísticas.

- **Lugo** O 11,5% do total de afiliación de toda Galicia atópanse na provincia de Lugo, onde o 68,5% das afiliacións pertencen ao réxime xeral, e o restante 31,5% ao réxime de autónomos. Observando o reparto por ramas de actividade, na provincia de Lugo o 14,6% das afiliacións son na rama de transportes de viaxeiros, o 11,6% en servizos de aloxamento, o 61,5% servizos de comidas e bebidas e o 12,4% en outras actividades turísticas.
- **Ourense** O 9,7% do total de afiliación de toda Galicia atópanse na provincia de Ourense, onde o 67% das afiliacións pertencen ao réxime xeral, e o restante 33% ao réxime de autónomos. Observando o reparto por ramas de actividade, na provincia de Ourense o 15,1% das afiliacións son na rama de transportes de viaxeiros, o 7,7% en servizos de aloxamento, o 66,6% servizos de comidas e bebidas e o 10,7% en outras actividades turísticas.
- **Pontevedra** O 34,8% do total de afiliación de toda Galicia atópanse na provincia de Pontevedra, onde o 71% das afiliacións pertencen ao réxime xeral, e o restante 29% ao réxime de autónomos. Observando o reparto por ramas de actividade, na provincia de Pontevedra o 17,7% das afiliacións son na rama de transportes de viaxeiros, o 7,9% en servizos de aloxamento, o 58,8% servizos de comidas e bebidas e o 15,6% en outras actividades turísticas.

Metodoloxía

Metodoloxía

Afiliación á Seguridade Social Os datos da afiliación á Seguridade Social ofrecen información sobre traballadores afiliados e movementos de altas e baixas de afiliación ao sistema da Seguridade Social. A excepción da análise temporal levada a cabo (emprega os datos dispoñibles vía web e só recolle ás ramas de servizos de aloxamento, servizos de comidas e bebidas e actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes) o resto do informe emprega os datos referidas a todas as ramas características do turismo a tres díxitos da CNAE 2009 por trimestres. Deste xeito, dita información segue a mesma estrutura que a dispoñible para a EPA.

Enquisa de Poboación Activa (EPA) A Enquisa de Poboación Activa (EPA) é unha investigación continua e de periodicidade trimestral dirixida á poboación que reside en vivendas familiares do territorio nacional e realizada polo INE dende 1964. O obxectivo desta enquisa é obter datos do mercado de traballo e das súas diferentes categorías (ocupados e parados), pero tamén das persoas alleas ó mercado laboral (inactivos). A EPA publicada proporciona resultados detallados para o conxunto nacional. Para o caso das comunidades autónomas e as provincias ofrece información sobre as principais características.

A metodoloxía da enquisa foi modificada no ano 2005 para adecuarse á nova realidade laboral e demográfica do país, aumento do número de estranxeiros residentes e a incorporación da nova normativa europea elaborada pola Oficina Estatística da Unión Europea (EUROSTAT).

En xullo de 2008 firmouse un convenio de colaboración entre o INE e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a duplicación da mostra da EPA no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. O obxectivo da ampliación da mostra é permitir a análise da poboación en relación coa actividade económica cunha maior desagregación do que se viña facendo ata o momento. Como resultado deste convenio, a partir do terceiro trimestre de 2009 incorpórase a mostra adicional recollida polo IGE (234 seccións) utilizando idéntica metodoloxía e o mesmo sistema de traballo de campo que o INE.

Os datos da EPA proporcionados polo IGE si nos permiten a desagregación necesaria, a tres díxitos CNAE 2009, polo que se analizan todas as ramas que se consideran características do turismo segundo as recomendacións internacionais.

Glosario de termos

Poboación economicamente activa: conxunto de persoas de idades determinadas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse a dita produción. É dicir, comprende a todas as persoas de 16 ou máis anos que cumpren as condicións necesarias para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas.

Poboación ocupada: persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia.

Persoas con traballo **por conta allea (asalariadas)** : son as persoas que se poden encadrar nas seguintes categorías:

- Traballando: persoas que durante a semana de referencia traballaron (de forma esporádica ou ocasional), polo menos unha hora a cambio dun salario ou outra forma de retribución conexas, metálico ou en especie
- Con emprego pero sen traballar: persoas que traballaron no seu emprego actual, pero están ausentes do mesmo durante a semana de referencia e manteñen un estreito vínculo con el, vínculo que se determina segundo a crenza do entrevistado en reincorporarse ou non á empresa e de acordo co período de ausencia. Tamén se inclúen as persoas ausentes do traballo por causa de enfermidade ou accidente, vacacións ou licencias de maternidade, mentres que os ausentes por ter contratos fixos descontínuos, por ser traballadores estacionais ou por estar en espera para incorporarse a un novo emprego, considéranse sen emprego

Persoas cunha actividade **por conta propia (autónomas)**: forman parte desta categoría todas as persoas que se inclúan nos seguintes apartados:

- Traballando: persoas que durante o período de referencia traballaron (de forma esporádica ou ocasional) polo menos unha hora a cambio dun beneficio ou ganancia familiar, en metálico ou en especie
- Con traballo pero sen traballar: persoas que durante o período de referencia tiñan algún traballo a cambio de beneficio ou ganancia familiar pero que estiveron de xeito temporal ausentes do mesmo por motivos de enfermidade ou accidente, vacacións, festas, mal tempo ou outros motivos similares

Poboación parada ou desempregada: considéranse paradas as persoas de 16 anos ou máis que reúnan simultaneamente ás seguintes condicións:

- Sen traballo, isto é, que non tiveron emprego por conta allea nin propia durante a semana de referencia
- En busca de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un emprego por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta durante o mes precedente
- Dispoñibles para traballar, isto é, en condicións de comezar a facelo nun prazo de dúas semanas a partir do domingo da semana de referencia

Taxa de paro: cociente entre o número de parados e o total de activos

Taxa de asalarización: cociente entre o número de ocupados asalariados e o total de poboación ocupada

Taxa de temporalidade: cociente entre o número de asalariados con contrato temporal e o número total de asalariados

=====

Poboación activa (todas as persoas de 16 e máis anos que traballaron ou tiñan emprego a semana de referencia)

- **Ocupados** (ocupados subempregados por insuficiencia de horas; resto de ocupados)
- **Asalariados** (asalariado sector público; asalariado sector privado)
 - **Indefinido:** Asalariados con contrato ou relación laboral indefinidos (permanente; descontínuo)
 - **Temporal:** Asalariados con contrato temporal (por circunstancias da produción; de aprendizaxe, formación ou prácticas; estacional ou de tempada; cobre un período de proba; cobre a ausencia total ou parcial doutro traballador; para obra ou servizo determinado; verbal non incluído nas opcións anteriores; outro tipo; non sabe)

- **Autónomos** (empresario con asalariados; traballador independente ou empresario sen asalariados; membro dunha cooperativa; axuda na empresa ou negocio familiar; outra situación)
- **Parados** (parados que buscan primeiro emprego; parados que traballaron antes)